

ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que o alcalde ditou a seguinte:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3. 2 a) do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26/06/2023, acordou ter sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas salvo o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas; e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

TENDO EN CONTA que o artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece que as comisións informativas (CI) son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno do Concello e da Xunta de Goberno local cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes; e que o 26/06/2023 o Pleno do Concello, creou as CI de asuntos xerais, especial de contas, facenda e patrimonio, ordenación do territorio e urbanismo e familia, benestar, igualdade, cultura e ensino e mulleres.

TENDO EN CONTA que o artigo 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, establece que serán sesións extraordinarias aquelas que convoque o Alcalde con tal carácter e fora da periodicidade establecidas para as sesións ordinarias. Tendo en conta que non cabe a demora de tales asuntos para o seguinte pleno ordinario con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ORDINARIA da Comisión informativa especial de contas, facenda e patrimonio para o

Día: 24/03/2025

Hora: 08:00 horas a 1.ª convocatoria e, se procédese, ás 09:00 horas a 2.ª convocatoria

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1.-Aprobar as actas das sesións anteriores:

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 27/01/2025. Acta 01/2025.

2.-Aprobar se procede inicialmente a rectificación anual do Inventario Municipal do Concello de Oroso (EXP. 2025/X999/000152).

3.-Aprobar se procede inicialmente o expediente de investigación de camiño público entre as parcelas 1522 e 1521 na Estación de Oroso (EXP. 2022/X999/000403).

4.-Aprobar se procede o convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Oroso polo que se subvencionan as obras necesarias para renovar a rede de abastecemento

e saneamento dentro do proxecto de remodelación da Avenida da Grabanxa, Oroso (A Coruña). EXP. 2024/A007/000001).

5.-Aprobar se procede previo levantamento do reparo de intervención o expediente de recoñecemento extraxudicial 2/2025 (EXP. 2025/G006/000028).

6.-Aprobar se procede previo levantamento do reparo de intervención o expediente de recoñecemento extraxudicial 3/2025 (EXP. 2025/G006/000029).

7.-Aprobar inicialmente se procede a modificación de crédito baixo a modalidade de crédito extraordinario 3/2025 financiado mediante remanente de tesourería para gastos xerais. (EXP. 2025/T002/000003).

8.-Aprobar se procede a modificación da segunda fase do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal adicional 2/2024 2ª Fase do POS Adicional 2024, modificando o cadro de financiación aprobado en sesión plenaria do 30.01.2025 segundo requirimento da Deputación Provincial do 10.03.2025. (EXP. 2025/G006/000026).

9.-Aprobar se procede o expediente de modificación do saldo de compromisos de ingreso procedentes da agrupación de exercicios pechados e declaración de non dispoñibilidade de créditos 01/2025. (EXP. 2025/X998/000058).

10.-Aprobar inicialmente se procede o expediente de modificación de créditos mediante a modalidade de suplmento de créditos 4/2025 financiado mediante remanente de tesourería para gastos xerais (EXP. 2025/T002/000004).

II.-PARTE DE CONTROL.

11.-Rogos e preguntas.

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da CI, REMITÍNDOLLES as propostas de resolución dos asuntos incluídos na orde do día e os informes de Secretaría e Intervención no seu caso, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal.com/opencms/gl/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.

Federico Suárez Cancelo.